



**Comité Intercentros
Universidade de Vigo**

Nº Rexistro: 200305005669

No informe sobre lugares de traballo realizado polo servizo de prevención FREMAP, na Escola Universitaria de Enxeñeiros Técnicos Industriais, detectouse unha carencia na iluminación das áreas onde están a maioría dos postos de traballo, e uns niveis de CO₂ superiores a 1000 ppm. en gran parte das dependencias, e sobre todo, no espazo que ocupa a biblioteca, onde este nivel chega case a multiplicarse por tres.

Ó Comité Intercentros segue a chegar a preocupación dos traballadores e traballadoras que representamos ó non estar aínda solucionados os problemas detectados e, na reunión do pleno do 16 de outubro de 2003, acordouse solicitar ó Servizo de Prevención que faga a xestións para que se leve acabo un novo estudo sobre as condicións ambientais da Biblioteca de Torrecedeira, tomando as medicións nun día de plena ocupación (a maioría dos días está chea) e en distintos momentos da xornada laboral.

Vigo, 22 outubro de 2003.
O PRESIDENTE DO COMITÉ
INTERCENTROS

Cándido Pérez Betanzos